



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia no acto de sinatura do Pacto Galego pola Infancia

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2011 , 11,30 horas

Antes de proceder á clausura deste acto, permítanme facer unhas moi breves reflexións na mesma liña que o presidente de Unicef e dos meus compañeiros portavoces.

Non por tópico debemos renunciar a repetilo: os nenos e as nenas son o noso presente e, sobre todo, o noso futuro, polo que o que fagamos por eles será, sempre, insuficiente.

Protexelos, procurarles a mellor educación, velar pola súa saúde e crear as condicións idóneas para o seu mellor desenvolvemento físico e psicolóxico é un deber inexcusable para as familias, para o conxunto da sociedade e, por suposto, para os poderes públicos.

Son consciente de que ningún dos obxectivos que acabo de sinalar será alcanzado na súa totalidade se falla a implicación de algún destes tres actores tamén referidos: familia, sociedade e poderes públicos.

Por iso, agradezo especialmente a sensibilidade amosada polo presidente de UNICEF Galicia e polos portavoces dos tres grupos políticos representados nesta Cámara, na que nos damos cita para asinar coa formalidade que a ocasión merece o Pacto Galego Pola Infancia.

Gracias, sobre todo, en nome dos case 400.000 nenos e nenas galegos, pero gracias tamén no nome da institución que represento, porque a sinatura deste pacto é unha mostra



evidente de que, ante os temas realmente importantes (como este Pacto pola Infancia), é posible chegar a acordos, aunar vontades e compromisos.

Parabéns a todos pola súa implicación nesta causa.

Queda clausurado este acto.

Moitas gracias.